

I.E.S. OTERO PEDRAYO - OURENSE

PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

PROGRAMACIÓN ESA

CURSO 2018-2019

Materia impartida polo profesor

Álvaro Pérez Cancelas (Nocturno)

Profesores do Departamento

Ramón Estévez Barreira

Agustina Rodríguez Viña

Daniel Lorenzo Valdivieso

José Cacheiro Fernández

Carolina Suárez García

José Vázquez-Monjardín Fernández

Álvaro Pérez Cancelas

INTRODUCCIÓN

Segundo a Orde do 20 de marzo de 2018 (DOG nº 71 do 12 de abril de 2018), a Educación Básica para Persoas Adultas regúlase atendendo a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

O Ámbito Social, de acordo co regulado nesta orde, integra os aspectos básicos das materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Economía, Actividade empresarial emprendedora e os aspectos perceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica Audiovisual e Música.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

O horizonte último da educación secundaria para persoas adultas é o desenvolvemento das competencias básicas. Como é lóxico, o ámbito contribúe dun xeito decisivo ao logro da competencia social mediante:

- 1- O desenvolvemento social do alumno/a a través do coñecemento da organización e da evolución das sociedades. O estudo da xeografía e da historia resulta fundamental para o desenvolvemento da competencia social e cidadá, xa que facilita a comprensión da realidade social e as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural.
- 2- O desenvolvemento de sentimentos de pertenza á sociedade en que vive, mediante o estudo dos trazos que a caracterizan.
- 3- O desenvolvemento da empatía, da capacidade de poñerse no lugar do outro, mediante a análise das actividades humanas no presente e no pasado.
- 4- O desenvolvemento da capacidade de diálogo para a análise dos problemas presentes e pasados da sociedade e a súa proxección sobre os problemas reais que deben encarar as persoas na súa propia vida.

- 5- O desenvolvemento de metodoloxías participativas, interactivas e dialóxicas, que propicien habilidades para participar na vida cívica, para asumir os valores democráticos e para o cumprir os deberes propios.
- 6- O desenvolvemento da capacidade de facer fronte a unha serie de novos desafíos como o coidado do ambiente, a orientación do desenvolvemento tecnocientífico, a responsabilidade polas xeracións futuras, a igualdade entre os sexos, a loita contra novas formas de exclusión social e contra as existentes, que impiden desvincular a competencia social e cidadá do desenvolvemento das demais competencias básicas.
- 7- O desenvolvemento de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática, ao favorecer o desenvolvemento de destrezas que permiten participar, tomar decisións, elixir a forma axeitada de comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das consecuencias derivadas das decisións adoptadas.
- 8- O reforzo da autonomía, a autoestima e a identidade persoal mediante a aclaración de sentimentos e valores, e o respecto dos demais.
- 9- O desenvolvemento de sentimentos compartidos e non excluíntes, ao aceptar e usar convencións e normas sociais e interiorizar os valores de respecto, cooperación e solidariedade.
- 10- A promoción da identificación da reflexión crítica sobre os valores do contorno ofrecendo como referente ético común os valores que sustentan a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galiza.
- 11- O coñecemento dos fundamentos e os modos de organización dos estados e das sociedades democráticos, a evolución histórica dos dereitos humanos, o achegamento á pluralidade social ou ao carácter da globalización e as implicacións que comporta para os cidadáns.

A competencia de coñecemento e a interacción co mundo físico é desenvolvida neste ámbito grazas a:

- 1- A análise do espazo en que se desenvolve a actividade humana, especialmente coa utilización dos procedementos de orientación, localización, observación e interpretación das paisaxes e a súa representación cartográfica.
- 2- Representación de feitos e fenómenos do mundo natural utilizando linguaxes e convencións simbólicas como a escala e signos convencionais.
- 3- A análise e a valoración da acción do home sobre o medio, tanto nos seus aspectos positivos coma na utilización abusiva que facemos del.
- 4- A aprendizaxe de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento e a reflexión e posterior análise.
- 5- Desenvolvemento do compromiso persoal e da participación responsable en proxectos colectivos e propostas que propicien o respecto e a defensa do patrimonio natural, industrial, histórico-artístico e inmaterial.

A contribución á competencia expresión cultural e artística é tamén significativa mediante:

- 1- O coñecemento e a valoración do feito artístico, así como o respecto e conservación do patrimonio cultural propio e doutras culturas, a través do desenvolvemento de habilidades perceptivas e de análise.
- 2- A observación, análise e gozo das manifestacións artísticas insertas na paisaxe, como pontes, edificios civís, camiños, igrexas, pazos.
- 3- A observación, análise e satisfacción ante as obras artísticas relevantes.
- 4- A valoración do patrimonio cultural material e inmaterial, facendo especial fincapé no patrimonio de Galiza.
- 5- A audición de obras musicais e a súa análise e gozo, establecendo a conexión co contexto histórico en que naceron.

6- A valoración da cultura popular como elemento básico da nosa propia identidade galega nun mundo cada vez máis globalizado e uniformado favorecendo así a nosa propia autoestima e a creación de lazos solidarios na nosa comunidade.

7- A consideración da cultura como produción colectiva viva e aberta.

8- A valoración e desenvolvemento da liberdade de expresión, tolerancia e achegamento entre as culturas.

9- A percepción das artes como unha linguaxe universal que pode acercar culturas e favorecer o entendemento dos pobos.

O ámbito social contribúe tamén ao desenvolvemento da competencia tratamento da información e competencia dixital, mediante:

1- O uso de técnicas de observación e análise para extraer información directamente da paisaxe.

2- O uso de fontes documentais escritas, gráficas e audiovisuais.

3- O uso das tecnoloxías da información como fonte de información escrita, icónica e musical.

4- O uso da linguaxe cartográfica.

5- O uso de programas informáticos adecuados para expresar a información obtida mediante informes, presentacións, etc.

6- O uso das TIC como instrumento de comunicación, inclusión e cohesión entre grupos étnica e culturalmente distintos.

A competencia en comunicación lingüística é favorecida a través de todos os ámbitos de coñecemento, porque a linguaxe é o vehículo imprescindible para a transmisión dos saberes, a súa apropiación e expresión. Pero o ámbito social contribúe a ela de modo significativo mediante:

1- O uso dun vocabulario propio e o dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos, que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica.

2- A posta en xogo de habilidades para a comunicación verbal en grupo, mediante técnicas de diálogo e discusión, de toma de decisións. Debater en serio exige exercitarse na escoita, na exposición e a argumentación e para iso é necesario verbalizar os conceptos, facer explícitas as ideas, formar os xuízos e estruturalos de forma coherente.

3- O uso dunha linguaxe non discriminatoria pola orixe, xénero ou calquera outra circunstancia.

4- A utilización e a comprensión da información oral e escrita, integrándoa nos esquemas previos de coñecemento.

Tamén o ámbito social contribúe á competencia matemática mediante o uso, para a análise da interacción do home co medio e das relacións económicas, de:

1- Operacións aritméticas, porcentaxes, proporcións, nocións estatísticas básicas na descrición e análise dos fenómenos xeográficos, económicos e históricos.

2- Uso de escalas numéricas, gráficas e proporcións.

3- Coñecemento dalgúns fitos históricos na construción da ciencia matemática: personalidades singulares, grandes descubrimentos.

4- Estudo da contribución da ciencia matemática a algúns acontecementos históricos.

A competencia para aprender a aprender favorécese desde o ámbito social mediante:

1- A presentación de problemas reais que nos afectan como cidadáns e a busca de solucións realistas para eles.

2- A adquisición da capacidade de aprender de xeito autónomo, desenvolvendo ferramentas que a faciliten e buscando respostas que se correspondan cun coñecemento racional.

3- A formalización de técnicas para extraer información directamente da observación da paisaxe e de fontes documentais.

4- O desenvolvemento de estratexias que axudan ao grupo a formular problemas, discutilos e alcanzar conclusións.

5- Elaboración de valoracións persoais e conclusións razoadas: establecemento de relacións entre feitos diversos, explicación causal dos fenómenos.

Por último, o ámbito social ten unha contribución esencial ao desenvolvemento da competencia para a autonomía persoal mediante:

1- A aclaración de actitudes e sentimentos propios.

2- O desenvolvemento da autoestima e da seguridade persoal.

3- A aceptación das diferenzas de actitudes e valores e a asunción do propio rol dentro dos grupos a que se pertence.

4- Desenvolvemento da toma responsable de decisións relacionadas coa dimensión persoal, social ou profesional.

5- Participación activa na xestión dos asuntos públicos.

6- Coñecemento de estratexias para a inserción no mundo laboral, información sobre os seus dereitos e aspectos básicos das relacións laborais.

7- Elaboración e aplicación de estratexias persoais baseadas na información de carácter xeográfico, histórico ou sociolóxico para resolver situacións problemáticas e conflitivas.

8- Participación activa e creativa na xestión e a mellora dos espazos públicos, para defender e protexer o patrimonio cultural, artístico, natural e inmaterial.

OBXECTIVOS

- 1- Recoñecerse como membro da condición humana a súa dimensión individual e social, aceptando a propia identidade, as características e experiencias persoais, respectando as diferenzas cos outros e desenvolvendo a expresión axeitada dos sentimentos e as emocións, e a autoestima.
- 2- Desenvolver as habilidades comunicativas e sociais que permiten participar con iniciativa propia nas actividades de grupo e na vida social en xeral, con actitude solidaria e tolerante, utilizando o diálogo e a mediación para abordar os conflitos.
- 3- Recoñecer as situacións –pasadas e presentes– de desigualdade no recoñecemento efectivo dos dereitos entre o home e a muller, valorar e respectar as diferenzas de xénero e a igualdade de dereitos entre eles, así como rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre ambos os dous, participando na prevención das desigualdades e de toda clase de violencia de xénero.
- 4- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, especialmente da sociedade galega, española e europea, favorecendo a toma de consciencia dos seus valores básicos así como os dereitos e liberdades fundamentais das persoas como unha meta irrenunciable para acadar a xustiza persoal e social.
- 5- Identificar, explicar e valorar os feitos económicos, políticos, sociais e culturais, e a importancia das mentalidades, ao longo do devir das distintas sociedades humanas, utilizando este coñecemento para entender mellor as características e os problemas actuais e a súa proxección de futuro, así como o papel que mulleres e homes desenvolven nelas.
- 6- Identificar, localizar e analizar os elementos básicos que caracterizan o medio físico, especialmente o de Galiza, as relacións que se dan entre eles e as que as sociedades

humanas establecen na utilización do espazo e dos seus recursos, comprendendo que o espazo xeográfico actual é o resultado da interacción das sociedades sobre o medio en que se desenvolven.

7- Empregar de forma combinada conceptos, feitos, teorías e procedementos propios da historia, da xeografía, da ética e da educación para a cidadanía para analizar e comprender problemas sociais e resolver situacións conflitivas nas sociedades actuais, especialmente das que afectan a Galiza, España e Europa.

8- Coñecer e valorar o patrimonio natural, histórico, lingüístico, cultural e artístico, a escala mundial, estatal e galega, co fin de respectalo, protexelo, desfrutalo e transmitilo ás xeracións vindeiras.

9- Comprender a diversidade cultural e étnica das nosas sociedades como unha consecuencia do fenómeno da globalización, valorando esta diversidade como unha oportunidade para expresar actitudes de respecto e tolerancia cara ás outras mentalidades, formas de vida e códigos éticos que non coinciden cos nosos, sempre que non atenten contra a dignidade humana, e sen que isto implique renunciar a xuízos sobre eles.

10- Buscar, comprender, seleccionar e relacionar información verbal, gráfica, icónica, estatística e cartográfica, procedente de diversas fontes, incluída a que proporciona o contorno físico e social, os medios de comunicación e as tecnoloxías da información e a comunicación, tratala de maneira autónoma e crítica co fin que se persegue e comunicala de forma organizada, coherente e intelixible.

11- Saber observar e apreciar as imaxes e os sons, comprendendo as relacións existentes entre as linguaxes plásticas e musicais, con outros pertencentes aos distintos ámbitos de coñecemento.

11- Participar na organización e realización de actividades en diversos contextos, favorecendo o diálogo, a colaboración e a participación, sendo consciente do enriquecemento que se produce coas propias achegas e as dos demais.

ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS

CONTIDOS DO CURRÍCULO, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DO NIVEL II

Módulo 3 (1º cuadrimestre)

Bloque 1: Historia

Bloque 2: Economía

ÁMBITO SOCIAL. MÓDULO 3		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Historia		
B1.1. A Ilustración e a revolución científica. O alcance das novas correntes do pensamento en España e Galicia.	B1.1. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	B1.1.1. Analiza a obra de autores clave do inicio da Idade Contemporánea e a súa influencia a nivel cultural, social, político e económico.
		B1.1.2. Valora o alcance da Ilustración e da Revolución Científica dos séculos XVII e XVIII.
		B1.1.3. Manifesta unha actitude crítica e de rexeitamento ante as manifestacións culturais que supoñan discriminación de calquera tipo

ÁMBITO SOCIAL. MÓDULO 3

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.2. O século XVIII: as revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime.	B1.2. Comprender o inicio da Idade Contemporánea dende unha perspectiva social, política e económica.	B1.2.1 Narra sinteticamente os principais feitos das revolucións burguesas do século XVIII, dando explicacións causais e valorando vantaxes e inconvenientes.
B1.3. Do Imperio Napoleónico á época da Restauración.	B1.3. Analizar as dificultades da diplomacia europea e o alcance dos conflitos durante a época napoleónica.	B1.3.1. Analiza as relación entre reinos europeos que conduciron ás guerras.
B1.4. Os Borbóns en España. Da Guerra de Sucesión á Guerra da Independencia. Galicia no século XVIII.	B1.4. Explicar, a través do caso español, os intentos de adaptación do Antigo Réxime e mantemento do poder por parte dos monarcas europeos na época da Ilustración.	B1.4.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.
B1.5. A Revolución Industrial.	B1.5. Describir os feitos relevantes da Revolución Industrial, tendo en conta o seu encadeamento causal e o tipo de progreso que implica, e analizar os conseguintes cambios económicos en España e Galicia	B1.5.1. Analiza a evolución da industrialización en diferentes países de España e diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.
		B1.5.2. Compara o proceso da Revolución Industrial en Inglaterra co doutros países.
		B1.5.3. Valora a industrialización en España e Galicia e a súa repercusión política e económica.
		B1.5.4. Detecta e expón de maneira sintética os beneficios e inconvenientes que xerou a Revolución Industrial tendo en conta a situación laboral dos sectores máis desfavorecidos.

B1.6. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: liberalismo e nacionalismo. Alcance dos procesos revolucionarios en España e Galicia.	B1.6. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	B1.6.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.
		B1.6.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.
B1.7. Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX. A arte.	B1.7. Valorar os movementos culturais e os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, consecuencia das revolucións industriais.	B1.7.1. Elabora un eixe cronolóxico cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.
		B1.7.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.
		B1.7.3. Comenta analiticamente diferentes tipos de obras de arte do século XIX.
B1.8. A expansión imperialista. A conquista do mundo por parte das potencias industrializadas. España e Galicia durante o auxe do colonialismo.	B1.8. Establecer xerarquías causais da evolución do imperialismo, identificando as potencias e a repartición de poder no mundo no último cuarto do século XIX e principios do XX.	B1.8.1. Razona a relación entre o imperialismo, a xeopolítica mundial e as relacións económicas transnacionais.
		B1.8.2. Establece interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
B1.9. O mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución Rusa.	B1.9. Explicar os aspectos fundamentais da Gran Guerra e a Revolución Rusa, as súas consecuencias, e as súas interconexións.	B1.9.1. Comprende os aspectos básicos da Primeira Guerra Mundial e a orixe do novo mapa político de Europa.
		B1.9.2. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.

ÁMBITO SOCIAL. MÓDULO 3

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.10. A época de Entreguerras: de 1919 a 1939. Os felices anos 20. A crise de 1929. O auxe dos fascismos.	B1.10. Comprender os acontecementos, fitos e procesos máis importantes do período de Entreguerras e analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.	B1.10.1. Contrasta diferentes interpretacións de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia acerca dos procesos máis importantes do período de Entreguerras.
		B1.10.2. Contrasta a crise de 1929 con crises posteriores.
		B1.10.3. Valora a loita da muller no movemento sufraxista.
		B1.10.4. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.
B1.11. A Segunda Guerra Mundial (1939-1945).	B1.11. Coñecer os principais feitos da Segunda Guerra Mundial e o contexto en que se desenvolveu o Holocausto, así como as súas consecuencias.	B1.11.1. Narra dunha forma fundamentada as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial a distintos niveis temporais e xeográficos.
		B1.11.2. Interpreta as razón da fin da Segunda Guerra Mundial a nivel europeo e mundial

ÁMBITO SOCIAL. MÓDULO 3

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		B1.11.3. Explica as fases do conflito coa axuda de mapas e outras representacións.
		B1.11.4. Elabora un xuízo persoal do Holocausto e as súas consecuencias a partir de información procedente de diversas fontes.
B1.12. O primeiro terzo do século XX en España e Galicia. II República e Guerra Civil.	B1.12. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil.	B1.12.1. Explica as principais reformas durante a II República española e reaccións a elas.
		B1.12.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.
Bloque 2. Economía		
B2.1. Ingresos e gastos. Identificación e control. B2.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	B2.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	B2.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento

ÁMBITO SOCIAL. MÓDULO 3

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		<p>B2.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamentoou plan financeiro personalizado.</p> <p>B2.1.3. Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas</p>
<p>B2.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida.</p>	<p>B2.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.</p>	<p>B2.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.</p>
<p>B2.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións</p>	<p>B2.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar</p>	<p>B2.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.</p>

ÁMBITO SOCIAL. MÓDULO 3

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B2.5 Risco e diversificación	o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	B2.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.
<p>B2.6. O diñeiro.</p> <p>B2.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.</p> <p>B2.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.</p> <p>B2.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.</p>	B2.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	<p>B2.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.</p> <p>B2.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.</p> <p>B2.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.</p> <p>B2.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.</p>

ÁMBITO SOCIAL. MÓDULO 3		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B2.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	B2.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	B2.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.

Módulo 4 (2º cuadrimestre)

Bloque 1: Historia

Bloque 2: Iniciación á actividade emprendedora e empresarial

ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 4		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. A Historia		
B1.1 A existencia dun mundo bipolar. A Guerra Fría.	B1.1 Analizar as relacións entre o bloque de USA e a URSS para comprender o concepto da “Guerra Fría”.	B1.1.1 Interpreta a evolución dos EEUU e da URSS e os seus aliados a partir de fontes literarias e audiovisuais.
		B1.1.2 Utiliza fontes históricas e historiográficas para comprender e explicar conflitos da época da guerra fría.

ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 4

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.2 O proceso de descolonización.	B1.2 Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.	B1.2.1 Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.
		B1.2.2 Distingue contextos diferentes do mesmo proceso. Por exemplo: África subsahariana (anos 50 e 60) e a India.
B1.3 A evolución das grandes potencias: URSS e EEUU: sociedade, política, economía e cultura.	B1.3 Contrastar as vantaxes e inconvenientes da evolución económica, política, social e cultural dos grandes bloques políticos do século XX e as consecuencias inmediatas e posteriores.	B1.3.1 Relaciona a organización política coa evolución social, económica e cultural dos dous grandes sistemas socioeconómicos de finais do século XX.
		B1.3.2 Desenvolve unha actitude crítica ante os diferentes enfoques dun mesmo feito histórico, analizando e contrastando as fontes de información.
		B1.3.3 Sopesa as consecuencias positivas e os problemas que xeneran as diferentes posturas para tomar decisións políticas e económicas.
B1.4 A ditadura de Franco e a transición política de España cara a democracia	B1.4.1 Analizar o establecemento da ditadura en España, a súa evolución e consecuencias.	B1.4.1 Coñece o proceso que conduxo da Guerra Civil a Dictadura.
		B1.4.2 Describe a situación da posguerra durante a ditadura española na relación con outros contextos similares.

	B1.4.2 Coñecer os principios feitos que conduciron ao cambio político e social na España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.	B1.4.3 Enxucia as consecuencias do réxime ditatorial en España no século XX. B1.4.4 Elabora unha cronoloxía de acontecementos fundamentais da transición española. B1.4.5 Valora os acertos do proceso de democratización en España. B1.4.6 Analiza feitos e acontecementos conflictivos na España democrática.
B1.5 O mundo recente entre os séculos XX e XXI. A globalización. A revolución tecnolóxica. Consecuencias.	B1.5 Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a revolución tecnolóxica. Consecuencias	B1.5.1 Busca na prensa novas sobre algún sector con relacións globalizadas e elabora argumentos a favor e en contra.
B1.6 Distintas formas económicas e sociais do capitalismo no mundo	B1.6 Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.	B1.6.1 Interpreta o renacemento e declive das nacións no novo mapa político europeo da época. B1.6.2 Comprende os pros e contras do estado de benestar.
B1.7 O derrubamento dos rexímenes soviéticos e as súas consecuencias.	B1.7. Coñecer as causas e consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros rexímenes socialistas.	B1.7.2 Analiza os aspectos políticos, económicos e culturais despois dos cambios producidos polo colapso da URSS.
B1.8 A constitución da Unión Europea.	B1.8. Describir a evolución da construción da Unión Europea.	B1.8.1 Comprende as causas da constitución da Unión Europea. B1.8.2 Discute sobre a situación actual da Unión Europea e o seu futuro.

Bloque 2. Iniciación á actividade emprendedora e empresarial		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B2.1 Autonomía e autocoñecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.</p> <p>B2.2 Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.</p>	<p>B2.1 Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.</p>	<p>B2.1.1 Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.</p>
		<p>B2.1.2 Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional da súa contorna, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles</p>
<p>B2.3 Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal.</p>	<p>B2.2 Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.</p>	<p>B2.2.1 Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.</p>
		<p>B2.2.2 Desenvolve habilidades sociais e actúa de acordo con actitudes e valores democráticos</p>

ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 4

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		B2.2.3 Fómase para mellorar o seu benestar individual e contribuir á cohesión social.
<p>B2.4 Dereito do traballo. B2.5 Dereitos e deberes derivados da relación laboral. B2.6 Contrato de traballo e negociación colectiva. B2.7 Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego. B2.8 Protección do/da traballador/a e beneficios sociais. B2.9 Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa.</p>	<p>B2.3 Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.</p>	<p>B2.3.1 Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.</p> <p>B2.3.2 Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.</p> <p>B2.3.3 Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as contingencias cubertas.</p> <p>B2.3.4 Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.</p>

DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS

Conforme dita a propia normativa para a ESA, a distribución temporal dos contidos queda reflectida da forma seguinte:

1º Cuadrimestre: Módulo 3.

2º Cuadrimestre: Módulo 4.

CONTIDOS MÍNIMOS

Módulo 3

- O Antigo Réxime no século XVIII. A crise da Monarquía Absoluta. A Ilustración. O reformismo borbónico en España e Galiza.
- As transformacións políticas no século XIX. Características do modelo liberal.
- As transformacións económicas no século XIX: a revolución industrial
- As transformacións sociais no século XIX: da sociedade estamental á sociedade de clases.
- O avance democrático liberal en Europa a finais do século XIX: a loita polo sufraxio universal e os dereitos sociais.
- Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX
- Grandes cambios e conflitos na primeira metade do século XX. Imperialismo, guerra e revolución. A depresión de 1929 e o auxe dos fascismos. A revolución soviética.
- Transformacións na España do século XX: crise do Estado liberal; a II República; guerra civil e represión en Galiza
- Xestión de orzamentos.
- Conceptos básicos sobre planificación financeira
- Aforro , plans de pensións e seguros.
- Funcionamento básico do diñeiro e o mercado financeiro

Módulo 4

- A orde política e económica mundial na segunda metade do século XX: bloques de poder e modelos socioeconómicos. Os procesos de descolonización e o terceiro mundo. O neocolonialismo.
- A desaparición da URSS e a nova orde mundial: globalización e novos centros de poder xeopolítico.
- A ditadura de Franco e a transición cara a democracia.
- A constitución e funcionamento da UE
- O mundo actual: focos de tensión e perspectivas futuras
- Iniciativa emprendedora
- Itinerarios formativos e carreiras profesionais.
- O mundo laboral: dereitos e deberes dos traballadores, contratos, seguridade social, etc.

METODOLOXÍA

O ámbito social, dentro da educación secundaria para persoas adultas, é un marco privilexiado para a posta en cuestión e discusión de todas esas informacións e saberes, actitudes, experiencias e valores que o adulto leva como bagaxe inseparable da súa propia vida. As características, as necesidades, os intereses e as motivacións das persoas adultas, á hora de acceder á oferta educativa, difiren das do resto do alumnado. Se engadimos a isto a amplitude e diversidade das situacións individuais, as diferenzas socioculturais, de condicións laborais, da calidade das experiencias e expectativas académicas e, incluso, o tempo dispoñible para dedicarse ás tarefas educativas, podemos comprender a complexidade dos referentes que debemos considerar á hora de tomar

decisións no ámbito da educación para as persoas adultas. Por iso, cando se planifique o ensino neste contexto, haberá que partir dunha análise das maneiras ou medios metodolóxicos xerais máis adecuados, atendendo á tipoloxía do alumnado, partindo das experiencias previas con que accede ao sistema educativo, respectando os procesos evolutivos da vida adulta, así como os ritmos e estilos de aprendizaxe individuais.

A metodoloxía utilizada nas ensinanzas do ámbito social da educación secundaria para persoas adultas debe ter como horizonte o desenvolvemento de aprendizaxes significativas no alumnado. Unha das características máis relevantes das aprendizaxes significativas é a súa permanencia, porque establece un elevado número de relacións entre o novo coñecemento adquirido e a estrutura cognitiva do alumnado. Esta, no caso da persoa adulta, está moi ancorada nunhas experiencias máis ricas e complexas cás dun adolescente. Isto implica que, nas persoas adultas, e moi especialmente no ámbito social, existen máis posibilidades de establecer relacións entre o novo coñecemento e os esquemas mentais que elas posúen.

Os enfoques globalizadores favorecen a motivación e a riqueza dos significados que conforman os esquemas cognitivos. Esta concepción metodolóxica baséase no principio de que toda situación de ensino-aprendizaxe debe partir dunha situación próxima á realidade, neste caso da persoa adulta, e que esta situación debe resultarlle interesante e crearlle a necesidade de formular cuestións e problemas a que lles debe dar resposta. Para isto, cómpre utilizar instrumentos conceptuais e técnicos que proveñan das distintas disciplinas, pero a súa presentación aos alumnos/as adultos debe vir xustificada desde o achegamento a temas dunha realidade que coñecen, que desexan analizar e comprender, e na cal poidan intervir. En calquera caso, debe recordarse que hoxe en día o máis próximo na experiencia non é necesariamente o que espacialmente temos a carón de

nós, e que realidades espacialmente distantes nos son familiares pola súa presenza recorrente no cine e nos medios de comunicación audiovisuais.

O estudo dos contidos procedentes da Xeografía e da Historia debe ser integrador e globalizador, xa que o seu obxectivo básico é o coñecemento da realidade social. O estudo da interacción do home co seu medio debe ter un enfoque ecoxeográfico, que considere as múltiples variables –naturais e humanas– que conforman un espazo e, ademais, atenda o dinamismo interno de cada variable e das súas interaccións. A paisaxe, como unidade espacial de análise ecoxeográfica, ten especial relevancia e permite abordar o estudo dos problemas a que a xeografía debe dar resposta. O estudo da historia permítelle ao alumno/a adulto ter unha visión multicausal do proceso histórico, como algo evolutivo que condiciona e determina o presente. É necesario o estudo dos suxeitos históricos silenciados como as mulleres, a clase obreira, os pobres... dándolle o protagonismo que lles corresponde. Ao mesmo tempo, débese abordar o estudo do noso patrimonio cultural material e inmaterial como un conxunto herdado e construído colectivamente a través do tempo e do espazo. De aí que se entrelacen os planos do patrimonio cultural, histórico, artístico e ambiental, establecendo interaccións mutuas. Deberase desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato co afastado, o propio co alleo, o máis concreto co máis abstracto, expresando así a importancia que no currículo debe concederse á Xeografía, á Historia e á cultura de Galiza.

A educación para a cidadanía en persoas adultas debe transmitir e poñer en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, e que axude a superar calquera tipo de discriminación. Deste xeito contribuirán á implicación do alumnado na vida social, como cidadás e cidadáns que posúen a información precisa e sexan conscientes das súas obrigas e responsabilidades.

Cos contidos procedentes da educación plástica e visual, e da música desenvolveranse no alumnado as capacidades perceptivas. Deben tamén introducir o alumnado adulto no coñecemento da evolución histórica da arte e da música, sempre en relación co contexto histórico en que se desenvolveron. Neste ámbito débese adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. O coñecemento social adquirese a partir das fontes orais, textuais e materiais, da indagación e da utilización e busca da información. Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

Se a motivación é clave en todo proceso de aprendizaxe, na educación das persoas adultas adquire unha relevancia especial. As actividades deberán ter sentido para elas, ser funcionais e vehicular aprendizaxes que poden ser transferidas á práctica no mundo que as rodea, de xeito que lles vexan utilidade patente. Esta é imprescindible para evitar o abandono antes de completar o proceso de aprendizaxe, de aí a importancia de desenvolver, nas persoas adultas, capacidades e habilidades encamiñadas á superación, con éxito, das dificultades con que se poden atopar no seu contorno persoal, sociocultural e laboral, reforzando así a súa autoestima.

A educación das persoas adultas debe favorecer, ademais, os procesos en que estas aprendan a aprender. É moi importante que, canto antes, se responsabilicen do seu proceso de aprendizaxe. Unha metodoloxía que teña en conta tales aspectos favorecerá, polo tanto, que o alumnado poida deseñar os seus obxectivos de aprendizaxe, e que identifique as tarefas máis adecuadas para o seu estilo e ritmo de aprendizaxe, contribuíndo á súa superación persoal.

Polo tanto, as liñas metodolóxicas terán en conta a gran diversidade das realidades de cadaquén, serán abertas á participación e promoverán actitudes tanto críticas e de diálogo, como investigadoras e creativas que permitan abrir vías de relación entre persoas que proceden de contornos cun patrimonio cultural propio, favorecer a integración da información dentro dos seus esquemas cognitivos e promover a autoaprendizaxe.

Materiais e recursos didácticos:

Alumnado:

- Caderno de clase.
- Contidos varios postos a disposición na aula virtual do centro

Aula:

- Planisferio físico e político.
- Mapas específicos históricos, físicos e políticos, das distintas zonas do planeta.
- Mapas específicos xeográficos.
- Dicionarios de lingua castelán e de lingua galega.
- Outros materiais comúns do centro como:
- Atlas históricos depositados na Biblioteca do centro.
- Bibliografía específica da Biblioteca do centro ou do Seminario de Xeografía e Historia.
- Equipo de reprodución de vídeo estéreo e DVD.
- Cintas, CDs ou DVDs.
- Proxector de diapositivas.
- Diapositivas específicas.
- Reprografía.

AVALIACIÓN

Tipos de avaliación empregados

A avaliación será inicial e cuadrimestral (final). Para iso teranse presentes as datas propostas pola Xefatura de Estudos. A nota de avaliación, analízase do seguinte xeito para cada módulo:

Probas específicas

O profesor realizará cada cuadrimestre probas específicas (alomenos dúas): obxectivas escritas, obxectivas orais, debates, postas en común e exposicións orais. Computará ata un 60% da nota total da avaliación.

Traballos a entregar

Cada cuadrimestre o profesor revisará e pedirá a elaboración de diversos traballos moi básicos acerca dos temas que se están a traballar na aula. Serán dende pequenos traballos de investigación nas redes, esquemas e resumos, comentarios de textos, vídeos ou películas, elaboración de vocabularios do tema, etc. Os traballos serán entregados no prazo establecido polo profesor, podendo non ser recollidos se se entregan fóra de prazo. A avaliación destes traballos escritos suporá o 30% da nota da avaliación.

Observación da actitude e traballo na aula

Comprenderá un 10 % da nota e reflectirá a actitude ou comportamento que teña o alumno/a diante da materia, diante dos seus compañeiros e diante do profesor.

Ademais do anterior, o profesor terá en conta a realización de todas e cada unha das tarefas ou investigacións propostas, a calidade do traballo en grupo (participación e colaboración), a atención ás explicacións da clase (interese e atención persoal), a participación nas postas en común (preguntas e respostas), a calidade e concentración no traballo persoal (na aula e fóra dela), a calidade dos traballos de ampliación, etc, que

terán reflexo na apreciación global e cualificación académica do alumno/a. Tamén terá en conta a asistencia de forma asidua á clase.

A nota final do módulo, consistirá na media aritmética das cualificacións obtidas en cada apartado. Será necesaria obter alomenos unha puntuación de un 5 ou superior , para acadar unha avaliación positiva. Aos alumnos/as avaliados negativamente efectuaránselles as pertinentes probas obxectivas de recuperación para superar a parte avaliada negativamente, para subsanar as deficiencias posibles, e obter así unha solución satisfactoria.

Para aqueles alumnos/as que perderan o dereito á avaliación continua, realizarase outro exame dividido por módulos que deberán superar independentemente para poder aprobar a materia.

Os alumnos/as que resultasen avaliados negativamente ao final do cuadrimestre terán que recuperar nas probas extraordinarias.